

Proceso extraordinario de encadramento e acceso aos graos da carreira profesional horizontal (PTXAS)

1. Que é o proceso de encadramento?

É un procedemento extraordinario convocado pola Reitoría da USC o 15 de xaneiro de 2025 para recoñecer os graos da carreira profesional horizontal do persoal técnico, de xestión, administración e servizos (PTXAS) en función do tempo de servizos prestados e dos méritos avaliábeis acumulados ata o 31 de decembro de 2024.

2. En que se basea a convocatoria?

Na Resolución reitoral do 15/01/2025 e no Acordo do 13/12/2024 entre a USC e as organizacións sindicais onde se regula o acceso, o sistema de valoración e os efectos administrativos e económicos dos graos recoñecidos.

3. Como se efectuou a valoración? (vid. apartado específico na seguinte páxina).

4. Efectos do recoñecemento

Os graos recoñecidos terán efectos administrativos e económicos desde o 1 de xaneiro de 2025. O novo grao substituirá calquera recoñecemento previo e as consecuencias económicas que del se deriven. Esta substitución non poderá supoñerlle a ningunha persoa traballadora unha mingua nas cantidades que xa percibe en concepto de carreira horizontal.

5. Recursos

Na propia resolución indícanse os recursos que caben e o prazo para presentalos.

6. Contacto

Para consultas cómpre dirixirse ao enderezo electrónico da Área de Planificación e Innovación Administrativa: area.planificacion.administrativa@usc.gal

Cuestión previa

para facilitar a lectura e o tratamento da información, adoptouse a seguinte nomenclatura:

ID_ grupo/subg./escala/denominación antiga	DENOMINACIÓN	Nomenclatura para carreira horizontal
1; A1; A	GRUPO 1/A1	GRUPO 1
2; A2; B	GRUPO 2/A2	GRUPO 2
3; C1; C	GRUPO 3/C1	GRUPO 3
4; 5; 4.1; 4.2; C2; D; E	GRUPO 4/C2	GRUPO 4

Valoración dos méritos e do tempo de traballo

O Acordo para o desenvolvemento do proceso extraordinario de encadramento e acceso aos graos da carreira profesional horizontal no ámbito do persoal PTXAS da USC (en adiante, o Acordo) recolle os requisitos para acceder a este sistema de encadramento e a forma en que se valoran os méritos. A modo de resumo, os principais elementos a ter en conta son:

1. O tempo de traballo. Séguese a orde cronolóxica, como se a persoa solicitase o grao de carreira aos 5 anos, logo aos 6 desde o primeiro, etc. e nese momento concreto se comprobase a traxectoria nese período (o número de puntos obtidos, se houbo ou non cambio de grupo..)

Para obter un grao é preciso acadar un tempo de servizos, medido en anos, diferente para cada un deles. Para calcular ese tempo usouse como unidade de medida o número de días de traballo efectivo, tal e como se describe na táboa seguinte:

Graos	Anos	Días
Grao I	5 anos desde o inicio	1825
Grao II	6 anos desde o grao I	2190
Grao III	6 anos desde o grao II	2190
Grao IV	7 anos desde o grao III	2555

2. Para obter un grao é preciso acadar unha puntuación mínima por méritos, específica para cada grao e grupo, segundo os criterios establecidos no artigo 14 do Acordo

Puntuación mínima necesaria:

	Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
Grupo 1	60	80	120	150
Grupo 2	50	70	100	120
Grupo 3	40	60	80	100
Grupo 4	30	50	60	80

3. O mesmo artigo 14 do Acordo establece tamén que "os méritos avalíaranse segundo a súa data de adquisición, no grupo ou subgrupo que corresponda nese momento temporal".

Isto implica que os méritos só se terán en conta para obter un grao se se acadan no tramo temporal de referencia que se estableza para ese grao.

4. Os méritos son os previstos no Anexo I do Acordo e a súa puntuación desagregase no Anexo II. Debemos incidir en que esa puntuación fai referencia sempre a cada tramo temporal; así, se publiquei varios artigos computables, (polos que podo obter ata un máximo de 10 puntos por treito) vou acadar 5 puntos no primeiro, 2.5 no segundo e 7.5 puntos no terceiro, sempre e cando neses períodos concretos publicara 2, 1 e 3 artigos, respectivamente.
5. Na resolución que recibas sobre o teu encadramento figurarán os graos que acadaches na túa traxectoria e o grupo ou grupos no que se recoñecen eses graos. Tamén te informaremos sobre a data do último grao recoñecido para que poidas calcular o tempo e/ou os méritos que necesitas para obter o seguinte, segundo o sistema de carreira ordinario que se acorde no seu momento.
6. Recorda que o complemento retributivo só se percibe en situación de servizo activo e ata un límite máximo de 4 graos recoñecidos. No caso de que teñas recoñecidos máis de 4 graos, cobrarás polos 4 de maior contía.

Imos exemplificar o proceso de valoración con algún caso simulado

Eu son do Grupo 3, e comecei a prestar servizos na USC o 1 de abril do ano 2000.

Cando se cumplan 1825 días, é dicir, o 31/03/2005, comprobarase se acado 40 puntos cos méritos que posúo nese tramo temporal (desde o 01/04/2000 ata o 31/03/2005. Se os acado, recoñeceráseme o grao I do grupo 3.

A partir de aí, comeza o cómputo de tempo e puntos para o grao II. A data de comprobación de méritos abrangue agora desde o 31/03/2005 ata o 30/03/2011. Debo acadar 60 puntos a través dos méritos que logrei nese tramo temporal. Se os teño, recoñeceráseme o grao II nesa data; se non os teño (supoñamos que teño 35), amplíase o tramo temporal ata o momento en que acade os 60 puntos necesarios (por ex. un curso que vale 30 puntos con data 01/02/2012). Daquela, o Grao II recoñeceráseme con data do 01/02/2012.

- **Que ocorrería cos graos recoñecidos se obteño un novo posto sen cambio de grupo/subgrupo?**

Calquera cambio de posto que non supoña un cambio de grupo ou subgrupo, por exemplo a través do concurso de traslados, comisión de servizos, etc., non supón ningunha modificación na carreira, así que o tempo continúa computando para os efectos de antigüidade e de valoración dos méritos, sen interrupción ningunha polo cambio de posto.

- **E se cambio de grupo ou subgrupo, como se computarán o tempo transcorrido e os méritos acumulados que non foron suficientes para recoñecer un grao no grupo de partida?**

Debes ter en conta que, para poderes acadar un grao X dun grupo, tes que pertencer nese momento a ese grupo.

Cando cambias de grupo, poden producirse dúas situacións:

- No grupo que deixas, non acumulaches días suficientes para optar ao recoñecemento do grao X naquel grupo.

Eses días acumulados computaranse para o recoñecemento no novo grupo de destino ata completar o grao I. Se no momento de acceso ao novo grupo, os días acumulados e os méritos específicos son abondos para recoñecerche o grao I, farase con data de efectos do día seguinte ao acceso.

- No grupo que deixas, acumulaches un número de días igual ou superior aos que precisabas para o recoñecemento do grao X naquel grupo, pero non os puntos necesarios por méritos.

Nese caso, eses días acumulados non se computaran para o recoñecemento no novo grupo de destino, polo que o cómputo do tempo necesario comezará de novo desde a data de acceso a ese grupo. Si se terán en conta os puntos por méritos que acadaches no anterior grupo.